



GUÍA DOCENTE DE **HISTORIA DA MÚSICA APLICADA Á MUSICOLOXÍA I-IV**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: HISTORIA DA MÚSICA APLICADA Á MUSICOLOXÍA I-IV									
ESPECIALIDADE	Musicoloxía				ITINERARIO			Histórica	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso	4º curso		DEPARTAMENTO		Musicoloxía
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.	3	3	3	3					Observacións:

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Coñecemento dos movementos e tendencias fundamentais da historia da música occidental, a partir da análise, a audición e o comentario do texto literario e/ou musical, con atención aos aspectos estilísticos, históricos e expresivos da tradición musical, e ao seu contexto cultural e social. A concepción do relato histórico tradicional como unha historia do estilo musical.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM2, EM7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Desenvolver o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados diversos como a través da asistencia a eventos musicais, interesándose pola música máis afastada das súas preferencias persoais, con vistas a ampliar e diversificar os seus gustos.	T16, X15, X17, EM2.
Captar, a través do análise e da audición, as características da música do período, co fin de entender a súa evolución e situar as obras musicais no tempo.	T2, X1, X4, X11, X14, X17, EM2, EM7.
Coñecer e comprender a música do período tratado tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes nel, para desenvolver o seu sentido crítico e, no caso de que exista repertorio (real ou transcricións), con vistas a aplicar á interpretación as diferentes convencións interpretativas.	T2, T17, X1, X4, X11, X14, EM2, EM7.
Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, o pensamento e a literatura, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis destacados de cada época, para obter unha visión máis global do fenómeno musical.	T11, X12, X14, X15, X16, X26, EM2, EM7.
Desenvolver certo grao de autonomía persoal á hora de empregar as ferramentas de investigación e recursos ao seu alcance, aplicándoos de xeito autónomo ao estudo da música, especialmente no referido ao seu repertorio, establecendo valoracións propias e razoadas sobre as características deste, cun vocabulario axeitado e respectando as opinións alleas.	T2, T3, T4, T8, T16, X10, X12, X14, X18, X26.

4. CONTIDOS
Introducción e conceptos. Recursos bibliográficos e ferramentas de consulta.
A Antigüidade Clásica: Grecia e Roma
A monodía medieval



A polifonía medieval
Auxe Da Polifonía. Séculos XV e XVI.
O Barroco musical
O Clasicismo
O Romanticismo
O Nacionalismo
O tardorromanticismo
Os elementos da música no XX
O Impresionismo musical
A segunda escola de Viena
O Neoclasicismo.
A música de vangarda
Música e medios de comunicación,

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, impartición de cursos ou clases de canto e/ou coro....).	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación:	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

<p>A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.</p> <p>A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.</p> <p>No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.</p> <p><i>*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.</i></p>
